

Reunión ordinaria 2 de decembro 2025

Data: 2 decembro 2025

Hora: 16.30h

Lugar: Telemática (BigBlueButton)

Reúnense os membros do departamento para decidir os seguintes aspectos do curso:

1. En primeiro lugar, trátanse dos puntos 6.1, 6.2 e 6.3 da programación de PROENS, xa que tralas revisións das programacións por parte da directiva do centro, é necesario chegar a un consenso do que se vai recoller nas programacións, especialmente en ordinario nos 1^{os} e 2^{os} cursos.

Decídese no punto 6.1 para os 2^{os} cursos que: “o alumnado que teña que ir á proba extraordinaria, realizaraa na 3ª avaliación, tanto se vai a FCT coma se non. A proba será a mesma. Aquel alumnado que non vaia á FCT e deba ir á avaliación extraordinaria, recibirá clases de repaso ao longo do terceiro trimestre”. No punto 6.2 concrétese o seguinte: “O alumnado de 2º co módulo de 1º suspenso, poderá recuperalo con dúas probas parciais (1º e 2º trimestre). De non aprobalas, terá un exame extraordinario antes da FCT”.

Con respecto ó alumnado con perda de avaliación no 1º curso, decídese que a proba será a mesma que a do alumnado que teña que presentarse á extraordinaria.

Coméntouse ademais que facer no caso de alumnado que copia nas probas, e decídese que este curso 2025-26 o procedemento a seguir será o de retirarlle o exame e invalidarlle esa pregunta, aínda que para o vindeiro curso especificarase como proceder dependendo das diferentes conductas (copiar dun compañeiro/a ou ter unha chuleta) e barallárase a opción de retirarlle o exame e poñerlle un 0.

2. Compártese o orzamento do departamento ata agora e propónse como gastalo: cartos reservados para pagar a metade do custo das entradas ó teatro; suministros varios para o departamento (blutack, cartulinas, tinta, etc.); subscricións á ESL Brains e á revista “I love English” de Bayard Education; subscricións á recursos educativos coma WordWall, Booklet, Kahoot, Additio, etc.

Propónse tamén moderniza-lo catálogo de lecturas na ESO e Bacharelato, comezando cos cursos superiores; facer unha actividade de ContaContos de Charo Pita ou un Escape Room, ou mercar xogos coma tarxetas que potencien a produción oral; e finalmente propónse a participación do departamento no programa educativo *EduExchanges* para o vindeiro curso.

3. Infórmase de que Vicedirección poido conseguir autobuses gratuítos para a asistencia ó Teatro en inglés o vindeiro 4 de marzo, e que por tanto, pódense destinar mais cartos ás propostas dadas no punto anterior.

Compártese tamén que houbo reunións con dúas compañías que ofertan inmersións lingüísticas ó estranxeiro (Azur Education e StandUp Education) e que hai interese en promover esta actividade de 6 ou 5 días de duración entre o alumnado de 3º e 4º da ESO.

4. Finalmente, engádese á convocatoria que aínda que non saíu a resolución definitiva das probas de certificación lingüística, debemos comezar a considerar as opcións para realizar ditas probas, coma a EOI, Cambridge, Oxford ou Trinity. Decídese que este punto será tratado na seguinte reunión, xa que aínda estanse a realizar reunións informativas coas distintas entidades certificadoras.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA



I.E.S. RICARDO MELLA

Estrada Vella Madrid 177 – 36214 Vigo. Pontevedra.

Teléfono: 886121100 – Fax: 886121026

Web: <http://edu.xunta.es/centros/iesricardomella>

Correo Electrónico: ies.ricardo.mella@edu.xunta.es



Departamento de

Inglés

galicia

A xefa de departamento,

Alicia Sánchez González

Emilio Pérez Lorenzo

Alejandro García Rodríguez

Ana Isabel González Vieites

Xulia Gutiérrez Rodríguez

Carmen Antolín Pichel

Amelia Piñeiro Santorum